



MADRUGADORES E TARDES DIVERTIDAS 2022/2023

O Concello de Outes pon a disposición das familias outenses os servizos de conciliación “Madrugadores” e “Tardes Divertidas” para curso 2022-2023, que forman parte do programa “Outes Concilia”. Ditos servizos desenvolveranse no edificio autónomo do CEIP Plurilingüe de Outes.

- **Madrugadores:** ofrece un servizo de acollida, coidado, no que os menores poden almorzar. As familias deberán achegar os alimentos diariamente en termos ou envases adaptados a este fin.

Levarase a cabo durante todo período lectivo, en horario de 7:50 h da mañá ata o inicio das clases. As familias farán uso do mesmo, en función das súas necesidades de conciliación, pero deben incorporarse ó mesmo, como mínimo 30 minutos antes de comezar a xornada escolar. **O inicio da prestación do servizo será o primeiro día do calendario escolar 2022-2023, o 8 de setembro.**

- **Tardes Divertidas:** De luns a venres, días lectivos, en horario de 17:00 a 19:00 h., durante os meses de setembro a decembro de 2022. Este servizo terá continuidade durante o curso escolar, dependendo da demanda do mesmo. **Comezo da prestación do servizo o 8 de setembro.**

Ámbolos dous servizos están destinados a nenas e nenos menores escolarizados no CEIP de Outes, de idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos. Poderán ser utilizados de forma fixa ou ocasional.

Prazas limitadas.

A listaxe de admisión nos servizos será publicada na páxina web do Concello de Outes.

Os prezos públicos de “Madrugadores” e “Tardes Divertidas” figuran establecidos na ordenanza reguladora correspondente e ascenden a **20€ mensuais cada un deles**, podendo ser utilizados por un importe de **2 € por día e servizo**.

Exención e bonificacións

Segundo as circunstancias da unidade familiar aplicaranse os seguintes descontos:

1.- Exención

A emisión dun Informe Social do departamento de Servizos Sociais que indique a necesidade do servizo sen que haxa posibilidades económicas para abonar o custo do mesmo implicará a exención da cota.

2.- Bonificacións

Cando asistan ao mesmo servizo varios irmáns/irmás de xeito simultáneo, o segundo irmán/irmá e sucesivos terán un desconto do 50%.



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

As persoas usuarias dos servizos “Madrugadores” e “Tardes Divertidas”, que no mesmo mes fagan uso dos dous, terán unha bonificación do 50% no importe do segundo servizo.

Estas bonificacións non se aplicarán cando fagan uso dos servizos en días soltos.

Documentación a achegar, sempre que non esté en poder da administración actuante:

| |
|--|
| Fotocopia do libro de familia. No caso de tratarse de familias numerosas ou monoparentais acredítalo co título correspondente. |
| Copias da declaración da renda do ano 2021 de ambos proxenitores |
| Fotocopia tarxeta sanitaria da/o menor |
| O persoal técnico responsable do servizo poderá requirir outra documentación complementaria ou adicional que precise. |

As solicitudes poden presentarse de xeito telemático, a través da sede electrónica do Concello de Outes (<https://outes.sedelectronica.gal>), ou de xeito presencial no Rexistro do Concello en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres. O prazo de inscrición do 16 ao 26 de agosto.

Máis información no CIM de Outes, solicitando cita previa no número de teléfono 981850949.